

17/57 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN QUENDA LIBRE (OEP 2023), Exp. Tecol: 2026/G004/000075.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización e Recursos Humanos, do 12 de febreiro de 2026, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“I. ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o Acordo 6/200 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

- Polo Decreto Nº: 4886/2024 do 24/05/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023). O dito decreto foi publicado no BOP de Lugo número 134, do 11 de xuño de 2024. Foi publicado extracto da dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 149, do 2 de agosto de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 47, do 24 de febreiro de 2025.

- O 25 de marzo de 2025, rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 5741/2025, do 10/06/2025, resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 4886/2024, do 24/05/2024, para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

O dito decreto foi publicado no BOP de Lugo número 145, do 26 de xuño de 2025.

- O 10 de xullo de 2025, rematou o prazo de presentación de emendas.

- Polo Decreto Nº 10543/2025, do 11/11/2025, resolveuse aprobar a lista definitiva do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023). O dito decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 273, do 27 de novembro de 2025.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 26 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o Acordo 40/607 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (CORPORACIÓN 2023-2027), modificado polo Acordo 1/284, do 19 de xuño de 2024, en cuxa parte dispositiva figura:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Susana Penedo Souto, adxunta do Servizo de Arquitectura do Excmo. Concello de Lugo.

Suplente: dona Patricia Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Marta Candocia Acción, arquitecta municipal do Concello de Mondoñedo.

Suplente: D. Pablo Fuentes Faílde, xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

- Dona Laura Eyre Rodríguez, arquitecta técnica do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Marta Carballal Neira, adxunta de servizo do Concello de Lugo.

- D. Juan Ignacio Márquez Gacio, xefe do Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Ivón Carrodegua Rodríguez, técnica da administración xeral do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíqueseles este acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.